Acta da sesión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG, do día 18 de outubro de 2024

[RRC/MCVR]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG,** o día **18 de outubro de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Raquel Arias Rodríguez
(Presidenta)
Enrique Barreiro Sánchez
(Vicepresidente)
Alexandra Fernández Gómez
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Victor Manuel Baladrón Lamas
Juan Manuel Casares Gándara
Jesús María Fernández Rosende
Paula Mouzo Mas
Carmen María Pomar Tojo
Ángel Rodríguez Conde
Raúl Santamaría González
(en substitución de Cristina Campero Dorado)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Mercedes Queixas Zas
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Silvia Longueira Castro
María del Carmen Rodríguez Dacosta

Comparecentes:
Director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia– CRTVG

Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a Presidencia, previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, comunica –de conformidade co establecido no artigo 159.1 do Regulamento do Parlamento- a acumulación, a efectos de debate, das preguntas: docs. núms. 11477 (1.3) do G.P. dos Socialistas de Galicia e 11671 (1.4) do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, que se debaterán en primeiro lugar.

A secretaria abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Punto único. Preguntas:

1.3 11477 (12/POC-001934)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia
Sobre a externalización do programa "A Revista", da TVG, os eventuais problemas que poidan derivar desta forma de operar e a garantía do cumprimento do marco normativo por parte da CRTVG
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92f2, do 26.09.2024

1.4 11671 (12/POC-001958)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 4 máis
Sobre a substitución na TVG do programa propio "A Revista" polo programa "O Termómetro", de produción fundamentalmente externa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 95f1, do 02.10.2024

Intervén en primeiro lugar a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** seguida da **señora Fernández Gómez, Alexandra (BNG),** ambas intervenientes defenden e formulan as súas respectivas iniciativas con ampliación dos argumentos que delas se expoñen por escrito e que aparecen publicados nos BOPG que anteriormente se refiren.

En representación da Xunta de Galicia pasa a dar resposta o **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**, logo de matizar moitas das argumentacións expostas por ambas voceiras, coas que se amosa en desacordo e mesmo lle pide que retiren expresións como que a CRTVG maltrata e menospreza aos seus traballadores.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de réplica, tanto a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** como a **señora Fernández Gómez, Alexandra (BNG),** amosan a súa insatisfacción ante a resposta recibida e critican a intervención do señor director xeral, ao tempo que inciden na importancia das súas respectivas iniciativas.

O **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**, pecha o debate desta iniciativa rebatendo moitos dos argumentos expostos polas señoras deputadas.

1.1 7915 (12/POC-001396)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis
Sobre a colaboración da CRTVG co sector audiovisual galego no ano 2023 e a súa evolución desde 2009, ano en que tivo lugar a remuda da súa dirección xeral, así como sobre as perspectivas para este ano e para o vindeiro neste ámbito
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f1, do 23.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Pomar Tojo Carmen María (P)**, quen expón as razóns nas que se basean as cuestións concretas que se conteñen na súa iniciativa e que están publicadas no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén, novamente, por parte da Xunta de Galicia o **director xeral da Corporación da Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo.**

Na rolda de réplica a **señora Pomar Tojo, Carmen María (P),** agradece a información recibida, que comenta con novas consideracións ao respecto.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **director xeral da Corporación da Radio e Televisión de Galicia**, contestando ás cuestión expostas pola señora deputada na súa intervención inmediatamente anterior.

1.2 10349 (12/POC-001767)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 4 máis
Sobre os criterios da CRTVG para cubrir con xornalistas actos públicos e comparecencias de prensa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 13.09.2024

A **señora Rodil Fernández, Olalla (BNG),** dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

PARLAMENTO DE GALICIA

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **director xeral da Corporación da Radio Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo.**

Na rolda de réplica a **señora Rodil Fernández, dona Olalla Luis (BNG)**, manifesta a súa inquedanza ante a información facilitada e expón diferentes consideracións a respecto dela.

O **director xeral da Corporación da Radio Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo,** pecha o debate desta iniciativa puntualizando os datos amosados na súa anterior intervención.

A presidenta agradece a presenza do señor Sánchez Izquierdo nesta sesión da Comisión e desculpa a súa presenza na mesma, dado que non ten máis preguntas ás que lle dar resposta.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:20 horas.

Raquel Arias Rodríguez

V. e pr.
Raquel Arias Rodríguez
Presidenta da Comisión

Firmado digitalmente por Raquel Arias Rodríguez
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Raquel Arias Rodríguez, email=raquel.arias.rodriguez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.24 12:57:23 +01'00'

Alexandra Fernández Gómez
Secretaria da Comisión

Alexandra Fernández Gómez
Firmado digitalmente por Alexandra Fernández Gómez
Fecha: 2025.03.24 10:34:41 +01'00'